Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 06 Agosto 2015 15:18

Festivais de rock, festas patronais, espectáculos populares e moito deporte nos areais de Nigrá conforman maioritariamente a oferta de ocio e tempo libre do mes de agosto. O programa foi presentado oficialmente este mediodía pola edil de Cultura Ana Pérez.

A responsable aproveitou a presentación das xornadas comercias do sábado na Ramallosa, para presentar a programación cultural de agosto no municipio. Como se fixera no mes de xullo, "optouse por máis de medio cento de actividades de ocio que tocan tódalas parroquias e practicamente non se deixa un día sen programación", salientou Pérez en rolda de prensa.

Engadiu que ademais vai ampliarse de tres a cinco días a semana a actividade de zumba, volverá a haber peque-rutas, competicións deportivas, monologuistas e animación infantil. {attachments}